

**RESOLUCIÓN DO INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA (INTECMAR), DO 23 DE MARZO DO 2017, POLA QUE SE CONVOCA PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR INTERINIDADE DE PERSOAL LABORAL PARA A COBERTURA DUN POSTO DE TITULADO/A SUPERIOR EN BIOLOXÍA.**

No uso das facultades conferidas no artigo 8.2 da Lei 3/2004, de 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (INTECMAR), e de conformidade co disposto no artigo 13.2 da dita Lei, esta Dirección acorda convocar proceso selectivo para a contratación temporal, para a cubrir a ausencia da titular do posto de Titulado/a Superior en Bioloxía (Grupo I, Categoría 10) código 410026 no Cadro de Persoal do Intecmar, e asignado á Unidade de Biotoxinas deste, con suxección ás seguintes:

**BASES DA CONVOCATORIA**

**PRIMEIRA.- Normas xerais**

1.1.- Convócase proceso selectivo para a contratación temporal de persoal laboral para a cobertura dunha praza de Titulado/ Superior existentes no cadro de persoal do Intecmar:

Grupo	Categorías	Especialidade	Titulación requirida	Nº de prazas
I	10	Xefe/a da Unidade de Biotoxinas do Intecmar	Titulado/a Superior en Bioloxía	1

Grupo	Categoría	Titulación requerida	Nº de prazas	Duración do contrato	Requisitos indispensables
I	10	Titulado/a Superior en Biología	1	Ata a reincorporación da persoa titular do posto	1) Acreditación de coñecemento do idioma galego: Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.

As condicións laborais do posto serán as establecidas no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, por ser o de aplicación segundo a Disposición transitoria quinta da Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do INTECMAR.

En canto á xornada de traballo, se corresponde coa establecida no V Convenio Colectivo en termos globais, pero na Unidade se distribúe en quendas de mañá e tarde, de luns a venres prestadas entre as 07:45 e as 22:00 horas.

O contrato, que se asinará na modalidade de interinidade para substituir con carácter temporal á persoa titular do posto que se atopa en situación de incapacidade temporal, estará vixente dende a súa formalización ata a reincorporación da titular.

1.2.- Baixo a supervisión da Dirección e en coordinación cos outros xefes/as da Unidade de Biotoxinas do INTECMAR, as funcións propias do posto serán as seguintes: organizar, programar, dirixir e velar polo correcto desenvolvemento e execución do programa oficial de control da biotoxinas nas zonas de producción de moluscos e organismos mariños competencia da Comunidade Autónoma de Galicia, empregando para elo, entre outras, as técnicas precisas de análise químico-instrumental (LC-MS/MS para toxinas lipofílicas; HPLC-FID para toxinas paralizantes; HPLC-PDA para toxinas amnésicas) e suxeito aos

requirimentos de calidade derivados da acreditación segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025.

1.3.- O procedemento de selección será o de concurso dos méritos relacionados coas prazas complementado cunha entrevista persoal, para o que se aplicará o baremo que se acompaña como ANEXO II desta convocatoria.

1.4.- O INTECMAR asinará coas persoas seleccionadas os correspondentes contratos de traballo temporal, segundo as prescricións do artigo 15 do texto refundido do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro (BOE do 24 de outubro), polo Real Decreto 2720/1998, do 18 de decembro (BOE do 8 de xaneiro), modificado polo apartado 2 da disposición final primeira do RD 1251/2001 do 16 de novembro, e demais lexislación vixente que resulte de aplicación.

1.5.- As persoas contratadas estarán sujetas ao réxime xeral de incompatibilidades establecido na Lei 53/1984, do 26 de decembro, e disposicións complementarias.

1.6.- Ao abeiro do disposto na normativa de referencia en materia laboral, publicarase anuncio indicativo do dito proceso selectivo no Diario Oficial de Galicia.

## SEGUNDA.- Requisitos dos/as aspirantes

2.1.- Para ser admitidos/as no proceso de selección, os/as aspirantes deberán posuér na data de remate do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da formalización do contrato de traballo, os seguintes requisitos:

2.1.1.- Nacionalidade:

- a) Ter a nacionalidade española.
- b) Ou ser nacional dos Estados membros da Unión Europea.
- c) Ou calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuge dos españois e dos nacionais de outros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuge, menores de vinte e un anos que vivan ao seu cargo ou maiores de dita idade dependentes.
- d) Ou as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.
- e) Ou os estranxeiros/as que non estando incluídos nos parágrafos anteriores se atopen con residencia legal en España.

2.1.2.- Capacidade legal: ter cumplidos os dezaseis anos de idade.

2.1.3.- Acreditación de coñecemento do idioma galego: Acreditación do Celga 4, título de perfeccionamento do idioma galego ou estudos equivalentes debidamente homologados polo órgano competente en materia lingüística da Xunta de Galicia.

2.1.4.- Compatibilidade funcional: posuér a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

2.1.5.- Habilitación: non estar inhabilitado/a para o desempeño de funcións públicas, nin separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das administracións públicas. Os/As aspirantes que non teñan a nacionalidade española deberán acreditar que non están sujetos/as a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso ao emprego público.

2.1.6.- Titulación: estar en posesión, ou en condicións de obter na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, a titulación académica sinalada no cadro da base 1.1. Os aspirantes con titulacións obtidas no estranxeiro deberán acreditar que están en posesión da correspondente convalidación ou credencial que acredite, no seu caso, a homologación do título. Este requisito non será de aplicación aos aspirantes que obtiveran o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao abeiro das disposicións de Dereito da Unión Europea.

2.1.7.- Estar en posesión, ou en condicións de obter na data de remate do prazo de presentación de solicitudes, os méritos para o cumprimento dos requisitos indispensables sinalados no cadro da base 1.1.

### TERCEIRA.- Presentación de instancias

3.1.- Ademais dos/das posíbeis candidatos/as seleccionados/as polo Servizo Público de Emprego, aquelas persoas que desexaran tomar parte no proceso selectivo, deberán dirixir as súas solicitudes de participación ao INTECMAR, sito no Peirao de Vilaxoán, s/n., en Vilagarcía de Arousa, en horas de oficina de 09:00 a 14:00 (de luns a venres). Información tamén dispoñible na Web do INTECMAR: [www.intecmar.gal](http://www.intecmar.gal).

As solicitudes deberán presentarse preferentemente nas dependencias e horario expresados no parágrafo anterior, segundo o modelo de instancia do ANEXO I, debidamente asinada polo interesado/a, xunto coa copia compulsada do DNI e da documentación acreditativa de cumplir os requisitos esixidos nas bases 2.1.3 e 2.1.6, así como dos méritos alegados para o cumprimento dos requisitos esixidos na base 2.1.7 e para ser valorados segundo o baremo do ANEXO II desta convocatoria. Os méritos alegados deberán referirse á datade remate do prazo de presentación de solicitudes.

Tamén poderán presentarse na forma establecida no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; neste caso, o/a aspirante deberá notificar o envío da documentación ao INTECMAR mediante teléfono (986 512320/22) ou Fax (986 512300) no mesmo día, e en horario de 09:00 a 14:00 (de luns a venres).

3.2.- O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais e o seu cómputo iniciarase o día seguinte ao da publicación destas bases nos taboleiros de anuncios e na Web do INTECMAR.

3.3.- Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o Tribunal de selección remitirá á Dirección do INTECMAR, para a súa exposición no taboleiro de anuncios e na Web do INTECMAR a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as, así como as causas da súa exclusión. Os/as aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de cinco (5) días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da resolución, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a súa exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a listaxe definitiva de admitidos/as e excluídos/as.

#### **CUARTA.- Tribunal de selección**

4.1.- O tribunal de selección será nomeado pola Dirección do INTECMAR, conforme ao previsto no artigo 11 do vixente Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, e ao previsto nas Instruccións do 11 de abril de 2007 relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e que foron modificadas e ampliadas polo acordo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010, que establecen no punto 2 do artigo 4 que ningún membro do tribunal poderá pertencer a un grupo profesional inferior ao grupo que é obxecto do proceso selectivo.

4.2.- A composición do tribunal farase pública nos taboleiros de anuncios da Dirección e na Web do INTECMAR.

4.3.- Os/As membros do tribunal deberanxe abstenerse de formar parte del e poderán ser recusados/as, cando concorran as circunstancias previstas no artigo 5 das Instruccións do 11 de abril de 2007 relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección modificadas e ampliadas polo acuerdo do Consello da Xunta de Galicia do 8 de abril de 2010, e nos artigos 23 y 29 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

4.4.- O tribunal, non poderá declarar que superou o proceso selectivo un número superior de aspirantes ao de prazas ofertadas.

4.5.- O tribunal poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores/as especialistas para todas ou algunas das probas.

#### **QUINTA.- Cualificación dos/das aspirantes**

5.1.- Primeira fase do proceso selectivo: Baremación de méritos dos/das aspirantes.

Unha vez publicada polo tribunal a listaxe definitiva segundo o exposto na apartado 3.3 desta convocatoria, valoraranse polo tribunal os méritos alegados polos/as aspirantes conforme ao baremo establecido no ANEXO II, apartado 1 e 2. O tribunal fará pública, nos taboleiros de anuncios do INTECMAR, a listaxe coa baremación provisional dos/das aspirantes, con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

Poderanse formular alegacións contra a baremación da listaxe provisional, nun prazo de cinco (5) días hábiles, contado a partir do seguinte ao da súa publicación.

O tribunal cualificador, se é o caso, e para os solos efectos de aclarar posibles dúbidas sobre a documentación achegada, poderá requisitar a presenza dos/das aspirantes que considere oportuno.

Transcorrido o prazo de alegacións, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á baremación inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á baremación definitiva, que será elevada á Dirección do INTECMAR para que dite resolución coas puntuacións definitivas dos/das aspirantes, que será publicada polos mesmos medios que a listaxe provisional.

Esixirase un **mínimo de sete (7) puntos** na fase de baremación para pasar a segunda fase do proceso.

#### 5.2.- Segunda fase do proceso selectivo: Entrevista persoal aos/ás aspirantes.

A segunda fase do proceso selectivo consistirá nunha entrevista persoal para valorar o grado de adecuación dos/as aspirantes.

Para a realización da entrevista disporase dun tempo máximo de dez (10) minutos. A entrevista cualificarse de 0 a 2 puntos.

O Tribunal de selección remitirá á Dirección do INTECMAR, para a súa exposición no taboleiro de anuncios e na Web do INTECMAR, o lugar e día de realización da mesma. Nesta fase valoraranse as cuestións relativas a experiencia profesional do candidato, os seus coñecementos, formación e participación en proxectos relacionados coas biotoxinas mariñas, a participación en proxectos e posuér certificado de cualificación para técnicas de análise de biotoxinas mariñas expedido por laboratorio acreditado.

A entrevista valorarase de acordo co expresado no ANEXO II, apartado 3. Os/As convocados/as a esta fase deberán presentarse no lugar indicado co orixinal do DNI, permiso de conducir ou, no seu defecto, pasaporte.

O Tribunal de selección remitirá á Dirección do INTECMAR, para a súa exposición no taboleiro de anuncios e na Web do INTECMAR, a listaxe coa Puntuación global provisional dos/das aspirantes, con expresión da puntuación obtida nunha orde decrecente de maior a menor puntuación.

Poderanse formular alegacións contra a puntuación global da listaxe provisional, nun prazo de cinco (5) días hábiles, contado a partir do seguinte ao da súa publicación.

Transcorrido o prazo de alegacións, á vista das reclamacións presentadas e realizadas, de ser o caso, as oportunas correccións á puntuación global inicialmente asignada a cada aspirante, o tribunal procederá á puntuación global definitiva, que será elevada á Dirección

do INTECMAR para que dite resolución coas puntuacións definitivas dos/das aspirantes, que será publicada polos mesmos medios que a listaxe provisional.

5.3.- O/A primeiro/a aspirante da listaxe definitiva publicada será o/a candidato/a seleccionado/a para a cobertura de cada unha das prazas obxecto desta convocatoria, e deberá presentar no prazo dos tres (3) días hábiles seguintes á data na que se faga pública a listaxe definitiva, a seguinte documentación:

- a) Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base 2.1.4.
- b) Declaración, baixo a súa responsabilidade, de non ter sido separado/a do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado/a por sentencia firme para o exercicio de funcións públicas.

5.4.- Se o candidato/a seleccionado/a non presentase a documentación no prazo establecido, ou presentase a súa renuncia á contratación (que se fará mediante solicitude expresa no mesmo prazo sinalado no punto anterior), resultará automaticamente seleccionado/a o/a seguinte aspirante segundo a orde de prelación da lista, que deberá presentar, nun novo prazo de tres días dende o remate do anterior, a documentación sinalada no punto 5.3.

5.5.- Logo de seleccionado/a o/a candidato/a e presentada a súa documentación, segundo o establecido nos puntos anteriores e comprobado o cumprimento dos requisitos esixidos, procederase á formalización da contratación obxecto desta convocatoria.

#### SEXTA.- Recursos administrativos

As bases desta convocatoria e cants actos administrativos se deriven dela, co carácter de definitivos ou de trámite cualificados, poderán ser impugnados no prazo e na forma establecidos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vilaxoán, 23 de marzo de 2017

A directora do Intecmar

Mª Covadonga Salgado Blanco



**ANEXO I**

**SOLICITUDE DE ADMISIÓN Á CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL POR  
INTERINIDADE DE PERSOAL LABORAL PARA A COBERTURA DUN POSTO DE TITULADO/A  
SUPERIOR EN BIOLOXÍA.**

Nº DE SOLICITUDE: \_\_\_\_\_

*A cubrir polo INTECMAR*

<b>GRUPO:</b>	<b>CATEGORÍA :</b>	<b>TITULACIÓN:</b>
.....	.....	.....

DATA DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA: .....

**DATOS PERSONAIS**

PRIMEIRO APELIDO.....

SEGUNDO APELIDO.....

NOME.....

NIF.....

DATA DE NACIMENTO: DÍA..... MES..... ANO.....

LOCALIDADE DE NACIMENTO.....

PROVINCIA..... NACIONALIDADE.....

ENDEREZO.....

CONCELLO..... CÓDIGO POSTAL.....

PROVINCIA..... TELÉFONO.....

TITULACIÓN ACADÉMICA.....

CENTRO DE EXPEDICIÓN.....

LOCALIDADE.....

A persoa abaixo asinante, solicita ser admitida nas probas selectivas ás que se refire esta instancia, e DECLARA baixo a súa responsabilidade, que son certos os datos consignados nela, que reúne os requisitos obligatorios sinalados na convocatoria, e que se compromete a probar documentalmente os datos que figuren nesta solicitude.

En ..... , a..... de..... do 2017

Asdo.:

De acordo co establecido na Lei orgánica 15/1999, informámosselle que os seus Datos de Carácter Persoal incorporados neste documento pasarán a formar parte dun ficheiro, cuxo responsable é INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA con domicilio social: Peirao de Vilaxoán s/n, 36611 - Vilagarcía de Arousa (Pontevedra). A finalidade deste ficheiro é a xestión de currículos por posibles incorporacións de persoal. Así mesmo, informámosselle que poderá exercitar en todo momento os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, no seu caso, o de oposición, dirixíndose por escrito a INSTITUTO TECNOLÓXICO PARA O CONTROL DO MEDIO MARIÑO DE GALICIA á dirección arriba indicada.

**DIRECTORA DO INTECMAR**

## ANEXO II

### BAREMO PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL

A puntuación máxima será de **20 puntos**, más **2 puntos como máximo** da entrevista persoal.

#### 1. Experiencia Profesional Acreditada:

- a) Por cada mes de servizos prestados na Xunta de Galicia **na mesma categoría á que se pretende acceder**: 0,15 puntos/mes.
- b) Por cada mes de servizos prestados noutras administracións públicas **na mesma categoría á que se pretende acceder** e referidos aos últimos 5 anos: 0,10 puntos/mes.
- c) Por cada mes de servizos prestados nas empresas privadas **na mesma categoría** e referidos aos últimos 5 anos: 0,05 puntos/mes.

A suma da puntuación dos apartados a), b) e c) non poderá exceder de **5 puntos**.

#### 2. Formación e outros méritos:

a) Por cada curso **directamente relacionado coas funcións propias da praza que se opta segundo a relación da base Primeira, apartado 1.2**, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, universidades, Servizo Público de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo ou cursos de formación continua do AFCAP, e tendo en conta que non se valorarán os cursos alegados como requisito indispensable:

- Cursos de ata 25 horas: 0,1 puntos.
- Cursos de máis de 25 horas e menos de 75 horas: 0,2 puntos.
- Cursos de 75 horas ou máis: 0,3 puntos.

A máxima puntuación do apartado a) non superará os **2 puntos**.

#### b.1) Outros méritos relacionados co perfil da praza:

- Tese doutoral en tema relacionados coas de Biotoxinas Mariñas: 1,5 puntos.
- Participación en proxectos relacionados cas Biotoxinas Mariñas: por proxecto de convocatoria pública: internacional: 1 punto; nacional: 0,5 puntos. Máximo 1,5 puntos.
- Estar en posesión dun certificado de cualificación, expedido como máximo ata 4 anos de antelación á data da convocatoria, expedido por un laboratorio acreditado baixo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025 por ENAC (ou outro organismo de acreditación membro do ILAC), sempre que a cualificación sexa para técnicas de análise de Biotoxinas Mariñas: 2 puntos.

A máxima puntuación do apartado b.1) non superará os **5 puntos**.

b.2) Cursos específicos relacionados co perfil da praza:

- Curso de técnicas de cromatografía líquida LC/MS-MS, para a detección de toxinas lipofílicas: Curso de 15 horas ou más, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, organismos estatais, universidades, Servizo Público de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP: 3 puntos.
- Curso de técnicas de cromatografía líquida HPLC con detección por UV/PDA, para a detección de toxinas mariñas de tipo amnésico: Curso de 15 horas ou más, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, organismos estatais, universidades, Servizo Público de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP: 2,5 puntos.
- Curso de técnicas de cromatografía líquida HPLC con detección por fluorescencia, para a detección de toxinas mariñas de tipo paralizante: Curso de 15 horas ou más, organizado e impartido directamente pola Escola Galega de Administración Pública, Fegas, Academia Galega de Seguridade Pública, INAP, escolas oficiais de formación das restantes comunidades autónomas, organismos estatais, universidades, Servizo Público de Emprego Estatal, Dirección Xeral de Emprego e Formación da Consellería de Traballo, cursos de formación continua do AFCAP: 2,5 puntos.

A máxima puntuación do apartado b.2) non superará os **8 puntos**.

**3. Entrevista:**

Na entrevista valoraranse ata un máximo de 2 puntos as cuestións relativas á experiencia profesional do candidato/a, os seus coñecementos nas áreas referidas no apartado 1.2 así como, as súas aptitudes persoais para o bo desempeño da praza.

**4. Infrarrepresentación do sexo feminino:**

No cadro de persoal vixente á data de inicio desta convocatoria, non existe infrarrepresentación do sexo feminino nos termos establecidos no artigo 37 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, na categoría do posto que se convoca.

De producirse empate na puntuación, acudirase para dirimilo á outorgada polos méritos alegados segundo a orde establecida neste ANEXO e de persistir, a favor do candidato cuxo primeiro apelido comece pola letra K, segundo o establecido pola resolución da Consellería de Facenda de 20 de xaneiro de 2017 (DOG nº 20, do 30 de xaneiro).